

CIG SEAGA INFORMA:

Hoxe 17 de outubro de 2.017, asinamos o Acordo de recoñecemento da Nocturnidade. A empresa pagará no mes de Novembro as horas nocturnas dos anos 2.016 e 2.017 e como data límite no mes de Decembro deste ano.

A campaña 2.015 non a van pagar excepto a aqueles traballadores e traballadoras que denunciaran vía Xudicial.

Asinamos tamén o acordo de crear no prazo dun mes dúas Comisións para tratar de negociar e de chegar a un posible acordo sobre as licenzas e permisos da Resolución 24/2/2.016 da Dirección Xeral de Función Pública e o Anexo de condicións especiais de traballo do persoal do SPDCIF da Xunta . Deixamos redactado de xeito claro no acordo que non supoñía a renuncia de calquer traballador ou traballadora a reclamar os seus dereitos non Xulgados.

En canto o acordo de estabilidade (máis tempo de traballo) asinamos finalmente facendo cambios na redacción do anterior documento , posto que nos interesa como CIG participar na negociación dos criterios preferentes e os sistemas de baremación correspondentes nas bases Específicas, algo imprescindible para que eses traballos recaian nos traballadores de extinción de SEAGA. Sabemos que a oferta de traballo para 50 traballadores é insuficiente e non soluciona os problemas da plantilla de SEAGA , por iso mesmo seguiremos ano tras ano movilizándonos na rúa , tal e como fixemos o 13 ddem outubro deste anos para reclamar máis tempo de traballo, non só para a extinción , senón para labores de prevención . Todas e Todos sabemos que é os cartos que se gasten na prevención e limpeza dos montes son cartos aforrados na extinción.